



BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS TRACTORISTAS PARA AS LABORES DE DESBROCE NAS VÍAS MUNICIPAIS E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

1.1.- O Obxecto da presente convocatoria é a provisión en réxime de persoal laboral temporal, na modalidade de contrato de servizo determinado, de 2 tractoristas, dentro do Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Pol, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

1.2.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e prevención e extinción de incendios.

1.3.- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural. Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só o patrimonio forestal público ou privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas) senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica e social de Galiza o que require o compromiso de todas as Administracións, en particular a autonómica e local e o conxunto da cidadanía .

1.4.- A finalidade e funcións dos postos convocados, tal e como se sinala no cláusula primeira do citado Convenio, consiste no desenvolvemento das seguintes accións:

1. A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado en 177.6 hectáreas.





1.5.- A presente convocatoria e as bases publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Pol, na páxina web do Concello (www.concellopol.es), na súa sede electrónica (<https://concellopol.sedelectronica.gal>) e un extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

1.6.- A presente Convocatoria rexerese polo previsto nestas bases, Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas urxentes para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/88, do 28 de xullo, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, Real Decreto 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, Real Decreto 364/95, e Real Decreto legislativo 1/1995, do 14 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores.

2.- RELACIÓN XURÍDICA DO/A TRABALLADOR/A COA ENTIDADE LOCAL SOLICITANTE.

2.1.- O/A aspirante seleccionado/a, vincularase a esta Entidade, mediante a modalidade contractual de duración determinada vixente, de conformidade coa lexislación reguladora dos contratos de traballo de duración determinada, prestando os seus servizos efectivos e retribuídos a xornada completa.

A xornada laboral desenvolverase no horario que demande o servizo e con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

2.2.- O mencionado contrato laboral finalizará tras o remate do servizo obxecto deste convenio.

2.3.- O /A aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións establecidas na normativa laboral de aplicación.

3.- PUBLICIDADE E PARTICIPACIÓN.

3.1.- A presente convocatoria e as presentes bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Pol, na páxina web do Concello (www.concellopol.es), na súa sede electrónica (<https://concellopol.sedelectronica.gal>) e un extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

3.2.- Os resultados das probas, así como as citacións e emplacements aos aspirantes, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios do Concello na sede electrónica do Concello de Pol (<https://concellopol.sedelectronica.gal>).





3.3.- A participación no proceso selectivo realizarase a través de chamamento público mediante a publicación destas bases completas no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Pol <https://concellopol.sedelectronica.gal>.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO.

4.1.- Os/As interesados/as dirixirán as súas solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, ao Sr. Alcalde do Concello de Pol. Coa solicitude aportarán a seguinte documentación:

- Fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- Un currículo profesional e fotocopia cotexada dos méritos a valorar.
- Fotocopia do título requirido na Base quinta da convocatoria.
- Fotocopia do permiso de conducir clase B.
- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial e de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
- Acreditación do nivel CELGA 2.

4.2.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pol (Plaza de Galicia número, 1- CP: 27270 Mosteiro -Pol) no prazo de 5 días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.3.- As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Neste caso, e co fin de axilizar os trámites, o solicitante deberá anunciar á Alcaldía-Presidencia a remisión da solicitude ao fax número 982345330 ou ao correo electrónico concello@concellopol.gal no mesmo prazo de presentación. Sen a concurrencia de ambos requisitos non serán admitidas aquelas solicitudes que sexan recibidas no Concello fora do prazo establecido na Base 4.2.

4.4.- Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, precisando o grao de minusvalía e as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas.





5.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

5.1.- REQUISITOS XERAIS.

- a) Nacionalidade.
 - a.1) Ter a nacionalidade española.
 - a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.
- b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.
- c) Posuír a capacidade funcional necesarias para o desempeño das tarefas.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico algún que impida o exercicio das funcións inherentes ó posto de traballo posuíndo a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento do mesmo. A tal efecto os aspirantes propostos polo Tribunal de Selección deberán superar o recoñecemento médico satisfactorio de non presentar ningunha causa de exclusión, considerando como tales as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades infecciosas e a obesidade. Nas mulleres será excluínte tamén o embarazo. A cegueira e a xordeira son igualmente causas de exclusión.
- e) Non atoparse incurso/a en causa de incompatibilidade conforme ao disposto na lexislación vixente, nin atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado.
- f) No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.





5.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.

- a) Ademais de cumprir cos requisitos xerais, os aspirantes aos postos de Tractoristas deberán estar en posesión do título, como mínimo, de certificado de escolaridade.
- b) Permiso de conducir tipo B.

5.3. OUTROS REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Os requisitos para concorrer están referidos ó último día de presentación de instancias e deberán manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

Os interesados que firmen a instancia de participación, recollida como anexo destas Bases, deberán reuni-los requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación da mesma que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

6.- ADMISIÓN/EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES.

6.1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello a lista provisional de admitidos/excluídos, concedéndose un prazo dun día hábil para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

6.2.- De non haber reclamacións, elevarase a definitiva a lista provisional, no caso contrario, publicarase no taboleiro e na sede electrónica do Concello a lista definitiva de admitidos e excluídos.

7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarias/os ou persoal laboral, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal garantirase a súa composición paritaria entre homes e mulleres.

Os membros dos tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar a os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.





8.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

En atención ao carácter temporal da relación a selección efectuarase mediante valoración de méritos e unha proba práctica.

8.1.- MÉRITOS AVALIABLES NO CONCURSO

Valoraranse os seguintes méritos:

A) EXPERIENCIA LABORAL.

- a) Os servizos prestados, ben como condutor de camións de obras, maquinaria de obra pública ou forestal, ben como tractorista ou ben como peón, valoraranse a razón de 0,15 puntos por mes traballado si se prestaron nunha Administración Pública e de 0,10 puntos por mes traballado si se prestaron nunha empresa privada.

A puntuación máxima obtida por este apartado non poderá exceder de **5 puntos**.

Este mérito acreditarase coa presentación de informe de vida laboral (para comprobar o tempo de servizos) e o/s contrato/s de traballo, certificación/s ou nómina/s nos/as que se poda comprobar a denominación e as tarefas do emprego desempeñado.

B) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO.

Por ter realizado cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios ou calquera outro que, a xuízo do Tribunal do Proceso Selectivo, teña relación cos contidos funcionais do posto de traballo en cuxo proceso selectivo se participa, impartidos por calquera centro oficial autorizado, incluídos os organizados ou promovidos polo Concello, **ata un máximo de 5 puntos**, de acordo co seguinte sistema de baremo:

- Por cada curso de 60 horas de duración como mínimo ou, se esta non figurase, de 10 xornadas como mínimo: 0,50 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración, como mínimo, ou de 5 a 9 xornadas como mínimo: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración como mínimo, ou de 2 a 4 xornadas como mínimo: 0,20 puntos.





Acreditarase este mérito coa presentación de fotocopia compulsada do correspondente diploma ou certificado da actividade formativa. Documento no que figurará a duración, en número de horas, das correspondentes accións formativas.

Os méritos que se aleguen polos/as aspirantes acreditaranse, como data límite, o día de remate do prazo de presentación de solicitudes. Non se valorarán aqueles que non estean suficientemente acreditados documentalmente.

8.2.- PROBA PRÁCTICA

Realización dunha proba práctica relacionada co manexo e operatividade do tractor, de manexo de desbrozadora así como o coñecemento do termo municipal.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de **10 puntos**.

8.3 PROBA DE GALEGO

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 51.2 da LEPLG deberán realizar este exercicio aqueles/as candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 2 ou equivalente (curso de iniciación de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG 146 de 30 de xullo de 2007). Esta proba cualificarase con **apto ou non apto**.

9.- CUALIFICACIÓN FINAL.

9.1.- A cualificación final determinarase pola suma da puntuación obtidas no concurso, establecendo deste xeito a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

9.2.- En caso de empate entre aspirantes, a orde definitiva resolverase dando preferencia na orde da lista a aquel candidato ou candidata que obtivese maior puntuación na fase de oposición. En caso de persistir o empate resolverase a favor de aquel candidato ou candidata que acredite maior experiencia profesional.

10.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.





10.1.- A Comisión de selección á vista da lista dos aspirantes seleccionados, formulará proposta de contratación ante o Sr. Alcalde, sen que aquela poida superar o número de empregos convocados. A dita proposta publicarase no Taboleiro de edictos, así como na sede electrónica do Concello de Pol.

10.2.- A Comisión de selección establecerá a orde de aqueles/as aspirantes, que sen ser seleccionados/as superaron o proceso de selectivo, coa finalidade de asegurar a cobertura do emprego, en supostos de producírense vacantes.

11.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO E CONTRATACIÓN.

11.1.- Á vista da proposta do Tribunal de Selección e constatado que o/a aspirante acredita os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Sr. Alcalde resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato de obra ou servizo determinado coas características, condicionantes e vinculacións sinalados na base segunda destas bases.

12.- BOLSA DE EMPREGO.

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas **que superen o proceso de selección**, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, etc.. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida.

A **orde de chamamento** dos aspirantes inscritos na bolsa neste Concello será por:

Chamamento ao primeiro aspirante dispoñible da lista; terá preferencia o aspirante que figura en primeiro lugar da lista de orde da bolsa.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra una das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá una vixencia máxima de dous anos prorrogables por outros dous.

13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos serán competentes aos órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso- Administrativa.

14.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde do Concello do Pol, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Pol na data da sinatura electrónica

O Alcalde- Presidente,

Asdo.: Lino Rodríguez Ónega

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE





ANEXO I
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS DA PRAZA / EMPREGO QUE SOLICITO.

DENOMINACIÓN:	TRACTORISTA
----------------------	--------------------

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO	NOME
DNI:	TELÉFONO PARTICULAR:	TELÉFONO MÓBIL:
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
DATA DE NACEMENTO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Pol para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de **2 TRACTORISTAS**.

DECLARO:

- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Que autorizo ao Concello do Pol para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, e na páxina web, e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte (TACHAR O QUE PROCEDA):

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.
- Permiso de condución en vigor tipo B.
- Documentación acreditativa de estar en posesión da titulación esixida na convocatoria.
- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- Declaración responsable segundo o ANEXO II.
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nas presentes bases.
- Informe da vida laboral actualizada.
- Acreditación do nivel CELGA 2.

Pol, a de de

O solicitante,

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL

En cumprimento coa actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, procedemos a informarlle sobre o tratamento dos seus datos persoais.

1.- RESPONSABLE DE TRATAMENTO.

O responsable de tratamento dos seus datos persoais é Concello de Pol, con dirección Plaza de Galicia Nº 1, Mosteiro, 27270 - Pol (Lugo); concello@concellodepol.gal.

2.- FINALIDADE

Os datos de carácter persoal facilitados serán utilizados para formalizar e xestionar a relación contractual que nos une: tramitar o alta na Seguridade Social, xerar e formalizar un contrato laboral, a xestión de nóminas, e xestión de recursos humanos desta entidade: control de horarios, organización do traballo, xestión de baixas médicas, vacacións e outros permisos retribuídos ou non.

Concello de Pol dispón de cámaras de videovixilancia que tratan imaxes coa única finalidade de garantir a seguridade da entidade contratante. Por tanto, poderá ser gravado polas cámaras de seguridade instaladas.

En concreto, os datos tratados son:

Nome e apelidos - DNI - domicilio - teléfono - data de nacemento - número de conta – número de seguridade social - estado civil - data incorporación na entidade - categoría profesional - estudos académicos - experiencia profesional - fotografía – sinatura.

Calquera outro dato que vostede achegase no seu currículo vitae sen ser solicitado por esta entidade, non será utilizado unha vez finalizado o proceso de selección.

Os datos anteriormente referidos serán conservados mentres dure a relación laboral que nos une e, unha vez finalizada esta, conservaranse bloqueados durante o tempo necesario para dar cumprimento coas obrigacións administrativas desta entidade.

3.- LEXITIMACIÓN

A base legal para o tratamento dos seus datos é a execución do contrato laboral que nos une.

4.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

Concello de Pol comunicará os seus datos de carácter persoal identificativos á Mutua para poder realizar o seu recoñecemento médico. Os datos concretos que se comunicarán á Mutua serán os solicitados por esta entidade para poder dar unha cita e realizar o recoñecemento médico. É dicir: Nome e apelidos - DNI - categoría profesional.

5.- DEREITOS

Por último, informámoslle dos seus dereitos en materia de protección de datos.

- Dereito a solicitar o acceso aos seus datos persoais.
- Dereito a solicitar a súa rectificación ou supresión.
- Dereito a solicitar a limitación do seu tratamento, e a opoñerse ao tratamento
- Dereito á portabilidade dos datos

Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito e acompañala dunha copia do seu DNI.

Concello de Pol dispón de formularios adecuados respecto diso. Non ten máis que solicitalos ou ben presentar o seu propio escrito nas dependencias de Concello de Pol Plaza de Galicia N° 1, Mosteiro, 27270 - Pol (Lugo); concello@concellodepol.gal.

Respecto deste último punto, quixémos advertirle de que o importante que é a actualización dos datos de carácter persoal dun traballador para que o Dpto. de Recursos Humanos poida desempeñar correctamente as súas tarefas, tales como realizar un correcto pago de nómina (en caso de cambio de número de conta, situación persoal que afecte a súa porcentaxe de IRPF), ou comunicacións co traballador (número de teléfono e direccións de contacto). Lembre informar de calquera cambio ou erro nos seus datos de carácter persoal.





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

MÉRITOS QUE DEBERÁN SER ACREDITADOS DOCUMENTALMENTE POLOS ASPIRANTES SEGUNDO SE SINALA NA BASE XERAL 8.1.

EXPERIENCIA LABORAL (Máximo 5 puntos).

DESEMPEÑO DE PRAZAS/POSTO/EMPREGOS NA ADMÓN. PÚBLICA.		
<i>Denominación da Administración.</i>	<i>Denominación praza/posto/emprego.</i>	<i>Tempo de servizos.</i>

DESEMPEÑO DE POSTOS/EMPREGOS NA EMPRESA PRIVADA.		
<i>Denominación da Empresa.</i>	<i>Denominación do emprego.</i>	<i>Tempo de servizos.</i>

B) CURSOS DE FORMACIÓN (Máximo 4 puntos).

<i>Nº. Orde.</i>	<i>Denominación da acción formativa ou titulación.</i>
1	
2	
3	
4	
5	
6	

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL.





ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D/D^a. _____, con DNI nº _____, con domicilio en _____, en relación coas bases para o proceso de selección de 2 **TRACTORISTAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS** a medio da presente,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- A) Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas,
- B) Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado.
- C) Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.
- D) Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo, así como que reúno as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo.

En Pol, a de de

O Declarante,

Asdo.:

ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POL.

